

C

Compostela
Cultura

CON
TEM
PORÁ
NEAS

VERTIXE SONORA

SEMENTEIRA

13 XANEIRO · 20.30 H

AUDITORIO DE GALICIA

VERTIXE SONORA



Jacobo Hernández, violín
Pablo Coello, saxofón
Nuno Pinto, guitarra eléctrica
María Mogas, acordeón
David Durán, piano
Diego Ventoso, percusión
Iván Ferrer-Orozco, medios electrónicos

SEMENTEIRA

Violeta Cruz (Bogotá, Colombia · 1986)

*Siembra*¹ (2026)*

3 tambores, acordeón, percusión, electrónica

Po Chien Liu (Kaohsiung, Taiwán · 1990)

Abschattung for Sextett (2025) *

violín, saxofón, guitarra eléctrica, acordeón, piano,
percusión, electrónica

Tianyu Zou (Guangzhou, China · 1996)

Étude SORA for 4 soloists (2024)*

violín, saxofón, teclados, percusión

Étude for sextet and electronics (2025)*

violín, saxofón, guitarra eléctrica, acordeón, teclados,
percusión, electrónica

* Estrea absoluta | ¹ Co apoio de Sacem



SEMENTEIRA

Deixar caer grans, pedras, maíños de grixo, botar area, salpicar na auga... Xestos familiares que nos conectan coa infancia. Memoria de experiencias táctiles redescubertas a través da escoita. A materia acumulada dá testemuño do tempo. E tamén de sons pasados. Composta de puntos e fileiras de son, como pingas, como regatos, a música transpórtanos a un tempo antigo e a unha experiencia ritual.

Un discurso á vez familiar e descoñecido, sinxelo e misterioso que afonda no escuro enigma da existencia enraizándonos na terra, evocando a humildade coa que cada unha das partículas máis pequenas forma parte dun todo. Que nos precede?. Que continuará cando xa non esteamos aquí?. A través do son, exprésase a tensión e o equilibrio entre a terrible fraxilidade e a tenaz resiliencia da vida na historia milenaria do universo.

Con estreas absolutas de Violeta Cruz, Po Chien Liu e Tianyu Zou, o concerto artéllase en dúas seccións ben diferenciadas. Por unha banda, a sutileza, a intimidade e as evocacións case rituais que Cruz imprime en *Siembra*, a peza da que toma título o espectáculo, xunto coa poética e a fraxilidade do *Abschattung for Sextett* composto por Liu. Pola outra, a enerxía e o ímpeto sonoro que caracterizan os *Étude* de Zou, dúas contundentes obras que integran a segunda sección do recital.

Vertixe Sonora é un colectivo flexible que integra destacados solistas de música contemporánea de Galicia e Portugal e que promove un espazo aberto á reflexión, á discusión e ao intercambio no ámbito da creación sonora actual. Está formado por artistas sonoros e plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e profesionais do teatro e da danza, unidos pola vontade común de desenvolver propostas cunha perspectiva artística global, baseadas na procura da excelencia e nun forte compromiso coa música e cos creadores do noso tempo. Xorde co obxectivo de impulsar novas producións musicais, manter unha estrutura estable de encargos e dinamizar o panorama sonoro contemporáneo desde o vértice peninsular cunha proxección significativa a nivel internacional. Desde unha conciencia da multiplicidade de enfoques cara ao sonoro, Vertixe Sonora establece un diálogo constante co pensamento, a ciencia, a tecnoloxía e outras prácticas artísticas, desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión nin ao espírito de vangarda.



Compositora e artista sonora, **Violeta Cruz** estudou na Universidade Javeriana de Colombia e no Conservatorio Superior de Música e Danza de París. A súa obra abrangue pezas instrumentais, electroacústicas e instalacións sonoras, así como «obxectos sonoros»: máquinas mecánicas de comportamentos rítmicos parcialmente aleatorios prolongados con sistemas electrónicos interactivos. A relación entre son e materia é o fío común do seu traballo, tanto na exploración da textura musical como na investigación de elementos cotiáns con dimensión simbólica, como a auga ou a luz. Participou no programa Cursus do IRCAM (2013-2014), onde estreou *God game: el nuevo mito de los Lemmings*, para violín e electrónica. As súas obras foron interpretadas en eventos como Quadrophonia Exposition (Francia), Festival Fabbrica Europa (Italia), Court-Circuit (Francia), Ensemble SurPlus (Alemaña) e Duo Sincronía (España). A súa traxectoria recibiu o apoio de institucións como a Fondation Internationale Nadia et Lili Boulanger, France Foundation, Fondation Salabert e Diaphonique.

Po Chien Liu, compositor taiwanés residente en París, explora a estética da sombra —como metáfora sonora e principio espacial— a través da resonancia e o ruído, o silencio e a presenza. Influído pola linguaxe visual da arquitectura e a caligrafía asiáticas, Liu traduce os contrastes de luz e sombra en estruturas musicais en capas, a miúdo integrando electrónica e vídeo para ampliar os seus espazos sonoros. Entre 2023 e 2024, foi compositor residente no Internationale Ensemble Modern Akademie (IEMA), estudou con Günter Steinke (Universidade de Folkwang) e Tzyy- Sheng Lee (Universidade de Chiao Tung) e recibiu o segundo Premio nos Días de Primavera de Weimar de 2024 e o primeiro no Festival Acht Brücken de 2023.

Tianyu Zou formouse en composición no Conservatorio Central de Música de Pequín e na Hochschule der Künste Bern con Simon Steen- Anderson. A súa obra explora novas posibilidades musicais a través de tecnoloxías emerxentes e elementos interdisciplinares, movéndose entre o instrumental, o electroacústico, o audiovisual e o teatral. O seu traballo investiga a percepción, a psicoacústica e os sistemas de memoria propioceptiva, e desenvólvese a partir da súa linguaxe persoal vinculada á escultura sonora e á paisaxe arquitectónica do son. A súa creación influenciada tamén por fenómenos visuais, inspírase especialmente na arte escultórica do tempo e da luz.